

resistir rindo, rir para resistir, rir e resistir

andrea quintana - bailarina e creadora



Cara a unha escena plural convidoume a escribir, o *input* que me propuxeron foi: un texto sobre a experiencia de crear (seguir creando) hoxe en Galicia, sobre a insistencia, a resistencia... e todo o que esta implica.

O primeiro que pensei foi que para resistir hai que ter moito humor, que a risa é unha estratexia de resistencia e que en xeral é mellor rir que chorar, e así de paso, salvamos o fígado. Eu, no camiño de aprendizaxe desta e outras estratexias de resistencia e supervivencia no ámbito da creación contemporánea nas artes do movemento en Galicia, descubrín que hai que rir ata morrendo ou, que para non morrer creando nesta terra temos que rir e mellor facelo en compañía.

Nos días da corentena decidín desconectar ao máximo posible dos espazos tecnolóxicos e reconectar cos espazos metafísicos de min mesma, volver ao corpo, ese que polas présas se nos esquece. Neses espazos de silencio reflexionei sobre moitas cousas en relación á miña profesión, como que adicarse á disciplina da danza implica unhas capacidades, moitas veces infravaloradas, que axudan a atravesar situacións de dor ou incerteza. Ao fin e ao cabo nós vivimos aí, nesa inseguridade constante.

Reflexionei tamén sobre o concepto da bailarina.

Sobre o meu corpo de bailarina
sobre a identidade da bailarina
sobre ser bailarina

“unha bailarina bollera que imaxina que unha bailarina pobre pode crear”

como ser bailarina
creadora
galega
emigrada-retornada
lesbiana
precaria
un ser multiverso
hoxe
agora
neste momento
ser todo iso

Ten que ver con comezar a entenderme como unha Bailarina-Karateka.

Unha Bailarina-Ninja que camiña entre a política cultural e a vida como política.

Unha Bailarina-Faquir, palabra que ven do árabe e significa pobreza.

Unha Bailarina cun anticorpo: a bailarina maricona, a bailarina machirula, á que invade os grandes saltos reservados para os homes, a que leva pelos nas pernas, a que non se descifra, a que ten un corpo de difícil lectura, un corpo que non loita contra a gravidade, que pesa e ocupa, que non levita. Unha bailarina rara que non está disposta a renunciar a todo o material a cambio do seu entusiasmo creativo, que aspira a unir alma e corpo, creación e pago económico. Unha friki-bailarina que fala de cartos, aínda que algunha xente crea que iso é de mal gusto. Unha bailarina defectuosa que pensa por si mesma, que non precisa de académicos analistas que reflexionen e analicen as súas prácticas. Unha bailarina bollera que imaxina que unha bailarina pobre pode crear.

Bailar non debería ser un luxo.

O primeiro intento de compañía que tiven chamábase *Malas Herbas*. Eramos cinco mulleres creadoras. Non chegamos moi lonxe se entendemos lonxe como vida de compañía, porén aprendemos moito da experiencia. Agora penso nese nome co que nos quixemos nomear e non íamos mal encamiñadas: mala herba nunca morre. As malas herbas son plantas indesexables, que crecen de forma silvestre e son molestas cando nacen en zonas controladas polos seres humanos. Unha mala herba resiste, é unha imaxe de resistencia natural que me interesa, as malas herbas son silenciosas e insistentes, non se lles da importancia pero florecen, non importa cantas veces se pisen, non importa cantas pedras ou cemento teñan enriba porque sempre atopan ocos e camiños para volver a nacer, para seguir aí. Outros modos de estar, outras violencias que non responden á imposición do home colonizador. Elas permanecen en constante movemento de oposición, en silencio avanzan dende a súa invisibilidade como extratexia de resistencia.

Diría entón que esta bailarina é unha mala herba que resiste hoxe en Galicia dende as prácticas do corpo, que se sirve da práctica escénica como o seu lugar de resistencia. A bailarina que coa danza, contaxiosa e invasiva, desestabiliza as lóxicas da palabra, ameaza a linguaxe normativa patriarcal onde os homes sempre tiveron posicións discursivas privilexiadas. A danza pode ser unha epidemia, pode ser perigosa e ameazar un sistema. Bailar bailando como estratexia de resistencia.

“a medida que fun aprendendo o oficio da danza entendín que resistir nada ten que ver con oposición, senón con aceptación”

práctica artística dende a resistencia: danza resistente.
práctica artística da resistencia: anti-danza.
práctica artística para a resistencia: anti-corpo danzado.

A danza sería pois o *modus operandi* da bailarina.

A danza é considerada como unha práctica artística subordinada dentro das artes e do sistema artístico. A danza, que incomoda, que non se entende, que afecta, que descoloca e complexiza os modos de estar hexemónicos.

A medida que fun aprendendo o oficio da danza entendín que resistir nada ten que ver con oposición, senón con aceptación, con integrar o que acontece, escoitalo, transformalo e permanecer no corpo. Resistir entón é algo que ten que ver coa permanencia, coa insistencia. E aquí seguimos insistindo e aprendendo a rir.

No inicio do texto falaba do humor. Para min crear é algo divertido e gozoso. Cando estudaba danza clásica quixéronme facer crer que bailar era un sufrimento e que había que rivalizar coas compañeiras para conseguir chegar a non sei onde. Menos mal que me alonxei de todo iso, a min sempre me puido o pracer.

Na insistencia de crer que a danza e a creación son as ferramentas desta bailarina variopinta chega *O raro é que bailar sexa raro*, un solo en compañía que acaba de estar de *Residencia Paraíso* e que ten estrea no mes de outubro, se nos deixan. Neste, o meu último traballo, exploramos todas estas reflexións e dende esa afirmación onde o raro é xusto non bailar, non moverse, non expresarse, non ser, e moito mais neste momento no que parece que periga o contacto e que se impón a distancia, contesto, contestamos con humor dende a escena que as posibilidades son outras.

Imaxinemos entón, a posibilidade dunha danza resistente, unha antidanza, anticorpos antidanzantes: invadir os ocos que nos permitan unha marxe de acción na representación dun novo mapa corporal. Creemos comunidades espontáneas de resistencia que colaboren na modificación do territorio. Bailarinas-Karatekas. Debuxemos novos marcos de recoñecemento que contemplan a existencia dunha comunidade corporal que desafia as estruturas normativas. A danza como unha proposición aberta a unha lectura diverxente dos corpos que entenda tamén as nosas subxectividade encarnadas como espazos de resistencia ao poder. A danza como estratexia coa que rir e gozar en soidade e compañía. A danza como práctica artística da disidencia, como busca da posibilidade de subverter as posicións de subordinación dos corpos residentes-resistentes-resilientes.

Texto 9. Cara a unha escena plural. Andrea Quintana.

Publicado en agosto de 2020 na órbita do proxecto “*Cara a unha escena plural*”, unha iniciativa que impulsa a circulación da danza e artes vivas de carácter profesional en Galicia. O proxecto, impulsado por Caterina Varela e Sabela Mendoza, nace no marco da Galicia Escena PRO 2019 e continúa en 2020 co apoio de Agadic e distintos espazos colaboradores.

bailarinas-karatekas comunidades espontáneas de resistencia

